



CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E AS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A CORUÑA E VIGO PARA A REALIZACIÓN DO PRÁCTICUM DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS DE IDIOMAS

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante, Consellería), que actúa en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 60/2022, de 15 de maio, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 3 do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo se que se establece a estrutura orgánica da Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), que actúa en nome e representación dela, en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG do 22 de marzo), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da USC.

Doutra, D. Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en diante, UDC), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, da Xunta de Galicia (DOG nº 7 de 13 de xaneiro de 2020) do seu nomeamento, e



polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aproban os estatutos da UDC, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

E doutra, don Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en diante, UVIGO), que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 110/2022, do 9 de xuño (DOG do 20 de xuño) do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, e polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da UVIGO.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

I.- Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (en diante, LOE), conforma as profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas como profesións reguladas, cuxo exercicio require estar en posesión do correspondente título oficial de máster, obtido de acordo co disposto no artigo 17.6 do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

II. Que a Consellería ten entre as súas competencias as de ordenación, planificación e execución das competencias en ensino universitario, tal como se lle atribúen no Estatuto de Autonomía de Galicia.



III.- Que a USC, UDC e UVIGO son institucións públicas dotadas de plena personalidade xurídica e patrimonio propio e que asumen as súas funcións como servizo público, gozando de autonomía para iso.

IV. Que o Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, establece a ordenación das ensinanzas universitarias e o aseguramento da súa calidade.

V. Que mediante Acordo do Consello de Ministros, do 14 de decembro de 2007, establecéronse as condicións ás que deberán adecuarse os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das profesións reguladas de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.

VI. Que mediante a Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, establecéronse os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de profesor de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas. No apartado 5 do anexo da citada orde, ao regular a planificación das ensinanzas, establece que o prácticum se realizará en colaboración coas institucións educativas establecidas, mediante convenios entre universidades e administracións educativas. As institucións educativas participantes na realización do prácticum deberán estar recoñecidas como centros de prácticas, así como as persoas titoras encargadas da orientación e tutela dos/das estudantes.

VII. O Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria, dispón, no seu artigo 9, que para exercer a docencia nestes ámbitos será necesario estar en posesión dun título oficial de máster que acredite a formación pedagóxica e didáctica, de acordo co esixido pola LOE.

VIII. Que a USC, UDC e UVIGO realizan o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, de conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades. Estas universidades teñen



autorizada a impartición do máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas (en diante, o máster).

IX. Que a Orde do 18 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster, na Comunidade Autónoma de Galicia, regula o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster, na Comunidade Autónoma de Galicia, conforme a Orde ECI/3858/2007, do 27 de decembro, en colaboración coas universidades de Galicia e que será de aplicación ás universidades que asinasen convenio coa Consellería para la realización das prácticas dos seu alumnado do máster en centros sostidos con fondos públicos.

X. Que o Real decreto 592/2014, do 11 de xullo (BOE do 30 de xullo), regula as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

XI. Que, de acordo co arriba exposto, as partes, co fin de formalizar os termos e condicións da impartición da citada formación, acordan subscribir este convenio de cooperación educativa, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e natureza do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería e a USC, UDC e UVIGO para a realización do prácticum do máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas polas tres universidades, de acordo co establecido na Orde do 18 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster, na Comunidade Autónoma de Galicia.



Segunda. Procedementos e compromisos das partes

1. Os compromisos e procedementos de selección derivados deste convenio regúlanse a través da Orde do 18 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster, na Comunidade Autónoma de Galicia; nela estableceranse os criterios para seleccionar un número suficiente de centros públicos receptores do alumnado do prácticum, así como un número de persoas titoras e coordinadoras das prácticas suficiente para atender a súa formación específica a través das indicacións recollidas neste convenio, onde se recollen todos aqueles aspectos de interese común e necesarios para a regulamentación do prácticum do máster.

2. As universidades requiriranlle ao alumnado do Prácticum a certificación esixida ao abeiro do establecido no artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil, na redacción introducida pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Terceira. Pagamento

A USC, UDC e UVIGO asumirán, con cargo aos ingresos procedentes da matrícula e outros conceptos, os custos derivados da realización do prácticum, en concreto, o pagamento aos/ás profesores/as-titores/as e coordinadores/as que participen no seu desenvolvemento.

Para estes efectos, deberase ter en conta que cada profesor/a-titor/a deberá percibir unha compensación económica por alumno/a ao seu cargo, que será establecida polas tres universidades.

Cuarta. Capacitación do persoal docente

A Consellería e a USC, UDC e UVIGO garantirán que o profesorado que realice as funcións de titoría do alumnado do máster posúa a formación necesaria.

Quinta. Solicitudes e condicións de participación



1. Os centros docentes que desexen participar neste programa, como centros de desenvolvemento do prácticum, deberán presentar unha solicitude, de acordo coas especificacións da resolución que anualmente convoca a Consellería competente en materia de educación, e que se publica no seu portal educativo, manifestando a súa intención de participar neste procedemento.
2. A USC, UDC e UVIGO acordarán coas persoas coordinadoras e titoras as condicións de participación para o desenvolvemento do prácticum e o recoñecemento dela, segundo o establecido no Plan de estudos da titulación. A dita participación estará comprometida a asegurar as competencias profesionais que deben adquirir os/as estudantes.

Sexta. Nomeamento e certificación

As persoas titoras e coordinadoras de prácticas recibirán o seu correspondente nomeamento e unha certificación expedidos polas universidades asinantes deste convenio, coa sinatura do reitor.

Así mesmo, as universidades remitirán á Consellería, ao final de cada curso académico, a relación final daquelas persoas que foron coordinadoras ou titoras, co fin de proceder ao seu recoñecemento como formación permanente do profesorado, de acordo co establecido no artigo 39 da Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia.

Sétima. Seguro para o alumnado de prácticas

Segundo o Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, pola que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización da Seguridade Social, as prácticas en empresas que realicen os/as estudantes estarán



cubertas polo seguro escolar, sempre que o alumnado estea matriculado e ao corrente do pago do citado seguro.

A USC, a UDC e UVIGO teñen subscrito, a maiores, un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes, complementarios ao seguro escolar.

A inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social dos/as estudantes que realicen prácticas académicas externas rexerese polo establecido no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, e polo procedemento normativo establecido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Oitava.- Comisión de seguimento

1. Para o seguimento da execución deste convenio e a realización das propostas de modificación e desenvolvemento del que se consideren oportunas constituirase unha comisión, coa seguinte composición:

- Pola Consellería: tres persoas nomeadas pola persoa titular da Consellería.
- Pola USC, UDC e UVIGO: tres persoas nomeadas pola persoa reitora, unha por cada unha das citadas universidades.

2. A comisión de seguimento asumirá o compromiso de levar a bo fin os obxectivos que xustifican a sinatura deste convenio. Serán as súas funcións:

- Facer o seguimento e apoio ao desenvolvemento das prácticas
- Modificar, de ser o caso, a distribución das prazas ofertadas por especialidade.
- Resolver cantas cuestións puidesen suscitarse en relación co desenvolvemento das prácticas.

Esta comisión, de acordo co establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento acordado polas partes para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.2.c) e 52.3 da mencionada lei, axustándose a súa composición e funcións ao contido da



Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, artigo 15 e seguintes.

Novena. Información básica sobre protección de datos persoais

1. O tratamento de datos persoais realizado ao amparo deste convenio rexeráse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos; pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias afecten, desenvolvan ou substitúan ás anteriores neste ámbito.

Para tal efecto poderáselle requirir o/a estudante a sinatura coa institución dun documento no que se obrigue a cumprir o citado deber de segredo.

2. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do seu expediente persoal.

3. Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como son os diarios oficiais, páxinas web e os taboleiros de anuncios.

4. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>



5. A USC, UDC e UVIGO terán acceso a datos de carácter persoal do alumnado da formación pedagóxica e didáctica, que non lle revelará á persoa allea á institución, nin utilizarán ou disporán deles dun xeito ou con finalidade distinta á xestión do Prácticum ao que se refire este convenio.

Décima. Publicidade e rexistro de convenios

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da USC, UDC e UVIGO para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo primeira. Causas de resolución

Este convenio resolverase polas seguintes causas:

- Incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos
- Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas



- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se acordase a súa prórroga
- A decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.

Décimo segunda. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, e quedará suxeito ao disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Décimo terceira. Vixencia

1.- Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá duración máxima de 4 anos desde esa data, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes cunha notificación á outra con dous meses de antelación. Antes da finalización do citado prazo de vixencia as partes poden acordar por unanimidade a súa prórroga por un período de catro anos adicionais.



2.- A sinatura deste convenio supón a extinción dos convenios asinados entre a Consellería e a USC, UDC e UVIGO, co mesmo obxecto, o 30/04/2021, 27/04/2021 e 05/05/2021, respectivamente.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E, en proba de conformidade, as partes asinan este convenio dixitalmente.

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	O reitor da Universidade de Santiago de Compostela
Román Rodríguez González	Antonio López Díaz



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade de Vigo

O reitor da Universidade da Coruña Julio Ernesto Abalde Alonso	O reitor da Universidade de Vigo Manuel Joaquín Reigosa Roger